



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
BARRIOS HISTÓRICOS

Praza de El-Rei, s/n - 36202 VIGO

EXPEDIENTE: 2721 /426
ASUNTO: ESTADO DE CONSERVACION DE EDIFICIO
SITUACIÓN: MARQUES DE VALLADARES (RU) Nº 43
NUM. SAÍDA: 2364-2014

ASOCIACION AMIGOS DE LOS PAZOS

VELAZQUEZ MORENO, 29 - 2º (GALERIAS DURAN)
36201 VIGO

En resposta ao seu escrito presentado no Rexistro desta Xerencia municipal de urbanismo o día 14 de febreiro de 2014, doc. 140018235, no que manifestan a súa preocupación polo estado do inmovible situado no número 43 da rúa Marqués de Valladares esquina coa de Colón, comunícolles que esta Administración municipal participa hai tempo da súa preocupación polo mal estado do edificio, polo que xa en data 6 de agosto de 2012, expediente 1149/426, o vicepresidente da Xerencia de urbanismo ordenou a incoación dun procedemento de orde de execución á entón propietaria, a entidade mercantil Inversiones Playamar, S.L.

Con data 29 de outubro de 2012 resólvese o procedemento, que se lle notifica á nova propiedade, Anida Operaciones Singulares, S.A.U. (Grupo BBVA), que quedou subrogada nos dereitos e obrigas do anterior propietario, de conformidade co disposto no artigo 19 do Real Decreto Lex. 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Solo, en consonancia co artigo 8 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Esta Admnsitración municipal require á actual propietaria da edificación para que execute as obras ordenadas por resolución do 29 de outubro de 2012, e con data 12 de novembro de 2013 a mercantil Anida Operaciones Singulares, S.A.U. comunica que aínda non ten a posesión do inmovible, polo que non lle foi posible iniciar as obras ordenadas.

De novo con data 14 de febreiro de 2014 requírese á propiedade a execución das obras, apercibíndoa de que, en caso de incumprimento, a Administración municipal procederá á execución subsidiaria á custa do interesado ou ben á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas en contía de 300 a 6.000 euros, reiterables ata lograr a execución das obras ordenadas, consonte co disposto no artigo 199.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

MR/Ac

Vigo, 24 de febreiro de 2014
A vicepresidenta da Xerencia municipal de urbanismo,

María del Carmen Silva Rego

